



MINISTERIO
DEL INTERIOR



CAMBIO DO PERMISO DE CONDUCCIÓN DE XAPÓN, REPÚBLICA DE COREA, ANDORRA, SUÍZA E MÓNACO

NON SE CAMBIAN:

- OS PERMISOS OBTIDOS CON DATA POSTERIOR Á SINATURA DO CONVENIO SENDO RESIDENTE LEGAL EN ESPAÑA (NO CASO DA REPÚBLICA DE COREA, A DATA DE OBTENCIÓN DO PERMISO PODE SER POSTERIOR Á DA RESIDENCIA LEGAL).
- OS PERMISOS QUE PROCEDAN DO CAMBIO DUN PERMISO DOUTRO PAÍS QUE NON TEÑA CONVENIO CON ESPAÑA NESTA MATERIA.

DOCUMENTACIÓN

1. Solicitud: no impreso oficial dispoñible nas xefaturas de Tráfico e na páxina web da DXT (www.dgt.es), no que se inclúe a declaración de non estar privado, por resolución xudicial, do dereito a conducir, de non posuír outro permiso da UE ou do EEE de igual clase ca o solicitado ou de que este fose restrinxido, suspendido ou anulado e de que o solicitante se responsabiliza da autenticidade, validez e vixencia do permiso que se vai cambiar.

2. Taxa II.3: 28,30 €.

Formas de pagamento: por internet en www.dgt.es, con tarxeta de crédito ou débito nas xefaturas de Tráfico ou con cargo na conta bancaria (modelo 791 dispoñible nas xefaturas e en www.dgt.es).

3. Acreditación de identidade e residencia:

- **DNI ou pasaporte:** orixinal en vigor.
- **Autorización de residencia ou documento de identidade do seu país ou pasaporte xunto co certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros** para estranxeiros comunitarios: orixinal en vigor.
- **Autorización de residencia** para estranxeiros non comunitarios: orixinal en vigor.

4. Informe de aptitude psicofísica telemático anotado no Rexistro de Condutores por un **centro de recoñecemento para condutores.**

5. Permiso de conducción: orixinal en vigor e fotocopia.

6. Fotografía: unha orixinal de 32 x 26 mm en cor e con fondo liso, tomada de fronte coa cabeza descuberta e sen lentes de cristais escuros nin calquera outra peza de roupa que poida impedir ou dificultar a identificación da persoa.

Cando se trate de solicitantes que pola súa relixión leven o cabelo cuberto, admitiranse as fotografías con veo. A única limitación para a súa admisión é que o óvalo do rostro apareza totalmente descuberto dende o nacemento do pelo ata o queixo, de forma que non impida ou dificulte a identificación da persoa.

7. Talón foto: cuberto e asinado dentro do recadro correspondente.

SUPOSTOS ESPECIAIS

Corea: tradución oficial do permiso realizada por un consulado ou pola Embaixada.

Xapón: tradución oficial do permiso.

Representación: cando a documentación non sexa presentada pola persoa titular do permiso, a persoa que a representa deberá achegar o seu documento de identificación oficial e unha autorización da persoa interesada para realizar o trámite onde exprese o seu carácter gratuíto.

A presentación da documentación acreditativa do domicilio de empadramento e do IAE poderá ser substituída por unha autorización expresa para que a Dirección Xeral de Tráfico leve a cabo a verificación telemática da dita información. Para isto ten que marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude do trámite, ou ben cubrir o formulario de consentimento expreso dispoñible na sede electrónica ou nas xefaturas de Tráfico. No caso de que non se obteña información válida, a posible emenda deberase realizar mediante a presentación da documentación

(Actualización: 22/06/2018)